

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2012, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuito, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos de Galicia, no ano 2013 (ED104B e ED104D).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de acordo co que establecen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, dispón que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con iso, recoñécelle á cidadanía o dereito de coñecelo e de usalo. Pero non estaría garantido ese dereito se os cidadáns non tivesen a posibilidade de aumentar (ou iniciar, se é o caso) o coñecemento e o dominio da lingua propia de Galicia.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outras, varias medidas dirixidas aos adultos e á sociedade, encamiñadas a renovar a política lingüística con respecto ao uso do galego, adecuándoa aos tempos actuais, co fin de equilibrar unha situación social de desigualdade entre ambos os dous idiomas, o que exige medidas favorables ao galego para alcanzar ese equilibrio.

O Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, atribúelle a esta as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Dentro da estrutura da consellería, consonte o disposto no devandito decreto, é a Secretaría Xeral de Política Lingüística o órgano encargado de executar aquelas accións necesarias para desenvolver as competencias sobre política lingüística atribuídas á consellería, e máis concretamente atribúeselle a función de coordinación e xestión das actividades de formación e promoción da lingua galega, así como a autorización e homologación de cursos, seminarios, encontros e congresos de formación de lingua galega e/ou de linguaxes específicas, e a xestión das certificacións de aptitude ao alumnado, cando proceda.

Pola súa parte, o artigo 59 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as escolas oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha



organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Nesta mesma lei, o punto 4 do artigo 60 prevé que, en consonancia co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

De acordo co anterior, convócanse anualmente cursos de formación de lingua galega, con carácter gratuíto, para lles facilitar ás persoas interesadas o coñecemento e o dominio da lingua galega.

A estrutura e o contido destes cursos están regulados mediante a Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG número 146, do 30 de xullo; corrección de erros no DOG número 178, do 13 de setembro).

Por todo iso,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

Anunciar a convocatoria pública para solicitar a participación en cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos, entidades e/ou organizacións, con carácter voluntario e gratuíto.

Os cursos realizaranse nas cidades que se citan no anexo III e naquelas localidades que determine a Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a distribución xeográfica destas, e agruparanse preferentemente por bisbarras.

Para facilitar a participación do maior número posible de persoas interesadas, realízase unha oferta de cursos de programación directa que se impartirán nas cidades (anexo III), e dáse a posibilidade de que as entidades, colectivos ou asociacións que pola súa proximidade á cidadanía coñecen de forma directa a demanda e as necesidades de formación de lingua galega no seu ámbito poidan organizar cursos logo de presentar a solicitude, consonte o anexo II, perante o gabinete provincial de normalización lingüística da provincia á cal pertencen.

Segundo. *Destinatarios*

A convocatoria está dirixida aos seguintes destinatarios:

a) Particulares que desexen participar nalgún dos cursos que figuran no anexo III desta convocatoria.



b) Colectivos, entidades e/ou asociacións que desexen organizar cursos de lingua galega e que contén cun mínimo de 20 persoas preinscritas para participar nos cursos (nome, apelidos e número de DNI/pasaporte) e dispoñan dun local convenientemente equipado para a súa impartición. En todo caso, deberán contar con mesas, cadeiras e encerado ou rotafolios.

Terceiro. *O profesorado*

a) Os cursos para particulares referidos no anexo III que non se desenvolvan nas escolas oficiais de idiomas e mais os organizados por petición de colectivos e entidades serán impartidos polo persoal que figure nas listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e que cumpra os requisitos que o habilita para os impartir, consonte o artigo 3 da Resolución do 29 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, e se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamento para impartir os cursos (DOG número 12, do 17.1.2007), modificada polas resolucións do 8 de marzo de 2007 (DOG número 56, do 20 de marzo) e do 7 de xaneiro de 2011 (DOG número 11, do 18 de xaneiro).

Este profesorado será nomeado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través das xefaturas dos gabinetes provinciais de normalización lingüística ou da Subdirección Xeral de Política Lingüística.

b) Os cursos para particulares referidos no anexo III que se desenvolvan nas escolas oficiais de idiomas serán impartidos polo profesorado de lingua galega das escolas oficiais de idiomas que teña que completar o seu horario docente e que, por estar habilitado para impartir os niveis básico, intermedio e avanzado de lingua galega cuxos currículos están adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas, tamén o está para impartir os cursos preparatorios das probas Celga, cuxos programas e contidos contan coa mesma adaptación ao citado marco europeo.

Cuarto. *Datas de comezo e remate dos cursos*

Os cursos que se organicen e impartan ao abeiro desta convocatoria deberán estar finalizados antes do 30 de maio de 2013.

CVE-DOG: ixvdt874-3v91-yp8-yf76-gmlxp1gfsjd7



Na programación sinalaranse as datas de comezo, o horario e o lugar onde se impartirá cada curso. En todo caso, os organizados por colectivos ou entidades non poderán empezar antes do 11 de marzo.

Quinto. *Contido e desenvolvemento dos cursos*

Os cursos axustaranse aos obxectivos, ao programa e ao contido curricular establecidos para cada un dos niveis na Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG número 146, do 30 de xullo (corrección de erros DOG número 178, do 13 de setembro).

Para conseguir o axeitado rendemento e o aproveitamento do curso hai que procurar a homoxeneidade de coñecementos do alumnado, polo que, tanto os particulares coma as entidades, á hora de formularen a solicitude dun curso dun determinado nivel Celga, deberán ter en conta a definición de contidos previstos na norma anterior. En todo caso, o profesor, no momento de iniciar o curso, valorará os coñecementos previos do alumnado e, se fose conveniente, indicarlle o nivel máis aconsellable para os seus coñecementos.

O número máximo de asistentes a cada curso será de 30. Se quedasen prazas vacantes, poderán admitirse candidatos ata tres días antes do inicio do curso. Os colectivos, entidades ou asociacións organizadoras deberán aceptar completar as prazas con persoas interesadas, aínda que non sexan afiliadas ou asociadas das propias entidades.

Levarase un control de asistencia do alumnado. Se durante os dous primeiros días do curso se desen de baixa ou non asistisen as persoas inscritas nel, deberán ofrecérselles as prazas, por orde, aos solicitantes que figuren na lista de espera, ata completar, se é posible, o número máximo de persoas admitidas ao curso (30). Para estes efectos, ao terceiro día do comezo do curso, o profesorado deberalle remitir ao gabinete provincial de normalización lingüística a listaxe definitiva de asistentes por correo electrónico.

Dado o carácter gratuíto dos cursos e para garantir un uso eficiente dos recursos públicos, se no transcurso do curso diminúise de forma significativa o número de asistentes, a Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá acordar a súa cancelación e ofreceralles ás persoas interesadas a posibilidade de integrarse noutro curso, de ser posible, na mesma localidade.

Tanto os cursos destinados a particulares coma os organizados por entidades ou colectivos terán unha duración de 70 horas lectivas, distribuídas en sesións de dúas horas ou de



dúas horas e media cada día, agás os cursos impartidos nas escolas oficiais de idiomas, que se axustarán á normativa específica das escolas oficiais de idiomas para este tipo de cursos. No caso dos cursos intensivos ou en casos excepcionais, debidamente xustificádolos, poderá autorizarse a realización de sesións con horario diferente.

Todas as actividades que se leven a cabo nestes cursos se realizarán segundo o previsto na disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística, conforme as normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega, na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, e coidarán o uso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Sexto. *Dotación orzamentaria*

O gasto ocasionado pola realización dos cursos financiarase con cargo á partida orzamentaria 09.30.151A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, destinada a cursos e actividades de formación de lingua galega, ata unha contía de 246.000 euros. En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 e ao disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

Sétimo. *Retribución para cada curso*

As retribucións para o profesorado colaborador e, se é o caso, para o persoal auxiliar ou de coordinación, serán as fixadas mediante o baremo establecido por resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Se se acordase a cancelación dun curso unha vez iniciado, o profesor será retribuído de acordo coas horas impartidas máis 100 euros en concepto de indemnización.

Oitavo. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. As persoas interesadas en asistir aos cursos programados directamente presentarán a súa solicitude de acordo co modelo que figura como anexo I (solicitudes individuais), mentres que os colectivos, entidades e/ou asociacións que estean interesadas en organizar cursos farán a solicitude de acordo co modelo que figura como anexo II (solicitudes colectivos).

2. As solicitudes dirixiranse aos gabinetes provinciais de normalización lingüística da provincia que corresponda. Os formularios de solicitude, segundo o modelo ED104B



e ED104D, estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>, e na páxina web <http://www.xunta.es/linguagalega>, que permite cubrir e editar a solicitude.

3. A presentación de solicitudes farase por calquera das seguintes vías:

a) En soporte papel: as solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

b) Por vía electrónica: o acceso das persoas interesadas ao rexistro electrónico da Xunta de Galicia estará dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>, de acordo co estipulado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e no Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de utilizar a vía electrónica, os/as interesados/as deberán posuír un DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital admitido pola sede electrónica. Xunto cos formularios de solicitude deberá achegarse a documentación a que se fai referencia no punto noveno da convocatoria, que deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 27 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro. Aqueles documentos non dispoñibles en formato electrónico e que pola súa natureza non sexan susceptibles de achega nun formato electrónico válido deberán presentarse a través das vías previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Establécese como data límite para a presentación de solicitudes para todos os cursos regulados nesta orde o 25 de xaneiro de 2013.

Noveno. *Documentación que se deberá achegar coa solicitude*

1. No caso das solicitudes formuladas por colectivos, entidades e/ou asociacións para organizar o curso, deberá achegarse a lista de persoas preinscritas (apelidos, nome e número de DNI).

CVE-DOG: ixvdt874-3v91-yp8-yf76-gmlxp1gfsjd7



No caso de solicitude presentada por unha entidade local en representación de varias que se agrupan para pedir o curso, non tratándose dunha mancomunidade, deberá achegarse, xunto coa lista de persoas preinscritas (apelidos, nome e número de DNI), un escrito asinado polos concellos interesados en realizar o curso conxuntamente.

2. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, os gabinetes provinciais de normalización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística revisarán as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de estar incompletas as solicitudes, conter erros ou non achegar toda a documentación acreditativa dos requisitos exixidos por medio desta convocatoria, requiriranse as entidades ou persoas solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición e se arquivará o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e consonte os artigos 59.6.b), 60 e 61 da Lei 30/1992, os requirimentos poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega>, que producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

Décimo. *Procedemento de selección*

1. As solicitudes de particulares para os cursos programados directamente nas cidades (anexo III) e que cumpran os requisitos seleccionaranse segundo a orde de entrada. No caso de que entren varias solicitudes ao mesmo tempo, utilizarase o criterio da orde alfabética (do A ao Z) para establecer a prioridade. Tocante aos cursos que se impartan nas escolas oficiais de idiomas, os gabinetes provinciais de normalización lingüística remitiran-lles ás respectivas escolas a lista coas persoas seleccionadas e coas persoas en espera.

2. No caso das solicitudes formuladas por colectivos e entidades ou asociacións (anexo II), procurarase realizar unha distribución xeográfica atendendo ás áreas comarcais, tendo en conta o número de persoas preinscritas, consonte os seguintes criterios:

a) Procurarase que en todas as áreas comarcais haxa polo menos un curso, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan. Se non for posible, os criterios de priorización serán os seguintes: área comarcal que en 2012 quedase sen cursos por carencias orzamentarias, área comarcal en que haxa algunha petición feita por agrupación de concellos, área comarcal en que haxa algunha petición feita por unha entidade pertencente á Rede de dinamización lingüística, área comarcal en que haxa máis solicitudes de cursos, así como aqueloutros que se determinen en función da casuística das solicitudes presentadas.



b) Se nunha área comarcal non se poden atender todas as solicitudes, os criterios para priorizar a repartición de cursos serán os seguintes:

1. Solicitudes presentadas por entidades locais.
2. Solicitudes presentadas por agrupacións de concellos.
3. Solicitudes presentadas por entidades adheridas á Rede de dinamización lingüística.
4. Número de persoas preinscritas.

c) Poderanse priorizar solicitudes de colectivos que organicen cursos dirixidos a grupos determinados con especificidades especiais.

Décimo primeiro. *Reprogramación dos cursos para particulares ofertados no anexo III e programación de cursos para colectivos ou entidades.*

1. Cursos de programación directa para particulares ofertados no anexo III, agás os impartidos nas escolas oficiais de idiomas.

Cada gabinete de normalización lingüística dos diferentes departamentos territoriais poderá ampliar a súa oferta de cursos de programación directa (anexo III) sempre que queden sen cubrir cursos dos programados por petición dos colectivos e entidades da súa provincia.

Cada gabinete de normalización lingüística dos diferentes departamentos territoriais, no caso de que quede sen cubrir por falta de demanda algún dos cursos da oferta directa do anexo III, poderá programar directamente algún outro curso para o que haxa demanda ou ofertar un novo curso que permita cubrir algunha petición feita por colectivos e entidades.

2. Cursos programados por solicitude dos colectivos e entidades.

Logo de ver as solicitudes de colectivos, entidades e/ou asociacións e a distribución xeográfica destas, os gabinetes provinciais de normalización lingüística efectuarán unha proposta de programación de cursos para cada unha das provincias e daranlle conta diso á Secretaría Xeral de Política Lingüística para a súa validación conxunta.

Cando, por causa da contía e dos límites orzamentarios, non se poidan atender todas as peticións, elaborárase unha lista de solicitudes pendentes e, en caso de que algunha das entidades ás cales se lles conceda un curso renuncie a el, asignaráselle á seguinte da lista.



Décimo segundo. *Información complementaria*

1. Ademais da oferta de cursos recollida nesta orde, está previsto que determinados concellos pertencentes á Rede de dinamización lingüística organicen cursos preparatorios das probas Celga. Estes cursos serán impartidos polos técnicos dos seus servizos lingüísticos que contan coa titulación de Filoloxía Galega, Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Hispánica (Galego-Portugués) ou grao en Lingua e Literatura Galega e coa formación para profesorado de lingua galega impartida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Os concellos que, se for o caso, organicen cursos preparatorios das probas Celga difundirán cadansúa convocatoria. Asemade, a información sobre eles (nivel, horarios, lugar de realización, forma de inscrición) colgarase na páxina web www.xunta.es/linguagalega

2. No mes de marzo publicarase na páxina <http://www.xunta.es/linguagalega> unha convocatoria específica de cursos en liña para preparar a proba do Celga 1.

3. A Secretaría Xeral de Política Lingüística non expedirá ningún tipo de certificación ou diploma de asistencia aos cursos preparatorios para as probas Celga. Realizarase un control de asistencia para o seguimento e o control da calidade do curso.

4. Para facilitar a elección dos cursos, as persoas interesadas son informadas de que as próximas probas para a acreditación do nivel de lingua galega terán lugar os días 1, 2, 8 e 9 de xuño para os niveis Celga 4, 2, 3 e 1, respectivamente. A inscrición nas probas é independente da dos cursos. O prazo para a inscrición nas probas rematará o día 3 de abril de 2013, e as persoas interesadas deberán presentar a solicitude, aboar as taxas e presentar a documentación conforme sinale a correspondente convocatoria das probas Celga.

Décimo terceiro. *Resolución*

Respecto dos cursos ofertados directamente a particulares, agás aqueles recollidos no anexo III e que sexan impartidos nas escolas oficiais de idiomas, autorizarán a súa realización os xefes territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a medida que se reciban 20 solicitudes/curso. As listas de admitidos publicaranse, como data límite, cinco días naturais antes do comezo de cada curso na páxina web <http://www.xunta.es/linguagalega>

Respecto das solicitudes formuladas polos colectivos e/ou entidades, os gabinetes de normalización lingüística de cada provincia efectuarán unha proposta de programación, que valorará de forma conxunta a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Unha vez aprobada a programación, correspóndelles a resolución de autorización ás respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estas resolucións publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega>.



Procurarase que a data límite de publicación sexa o 4 de marzo. No caso de que se publiquen nunha data posterior, os colectivos e/ou entidades adaptarán as datas e horarios dos seus cursos, se for necesario.

Décimo cuarto. *Réxime de recursos*

Contra a resolución de concesión dos cursos, as entidades e as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Décimo quinto. *Prazo de resolución do procedemento e sentido do silencio*

De non recaer resolución expresa sobre as solicitudes presentadas no prazo de tres meses, que se contará desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes previsto na convocatoria, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Décimo sexto. *Delegación de competencias e desconcentración de créditos*

Para unha máis eficaz xestión e desenvolvemento desta convocatoria, esta secretaría xeral desconcentrará os créditos necesarios para sufragar os gastos da programación en cada unha das provincias e deléganse as facultades para resolver e para xestionar os gastos relativos aos cursos programados en cada provincia nas correspondentes xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas cales teñen establecida a súa sede os gabinetes provinciais de normalización lingüística de cada provincia.

Décimo sétimo

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o/a titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2012

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística

CVE-DOG: ixvdt874-3v91-yp8-yf76-gmlxp1gfsjd7





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CURSOS PREPARATORIOS PARA OS NIVEIS CELGA 1, 2, 3 E 4 DE LINGUA GALEGA PARA PARTICULARES (ADULTOS)		ED104B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

ENDEREZO, PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

☐ CURSO PROGRAMADO NAS CIDADES (VER ANEXO III)			
CÓDIGO DO CURSO	CIDADE		
NIVEL			
☐ CELGA 1	☐ CELGA 2	☐ CELGA 3	☐ CELGA 4

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE	
Resolución do 27 de decembro de 2012, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuito, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos de Galicia, no ano 2013 (ED104B e ED104D).	

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data	
	, de de

Gabinete de Normalización Lingüística.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO CURSOS PREPARATORIOS PARA OS NIVEIS CELGA 1, 2, 3 E 4 DE LINGUA GALEGA PARA COLECTIVOS		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED104D	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE RAZÓN SOCIAL			
		NIF 	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME 	PRIMEIRO APELIDO 	SEGUNDO APELIDO 	NIF
ENDEREZO, PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
ENDEREZO 		LOCALIDADE 	
CÓDIGO POSTAL 	PROVINCIA 	CONCELLO 	
TELÉFONO 	FAX 	ENDEREZO ELECTRÓNICO 	
CURSO			
NIVEL ☐ CELGA 1 ☐ CELGA 2 ☐ CELGA 3 ☐ CELGA 4			
LOCALIDADE 	LOCAL 	HORARIO 	
DÍAS SEMANA 	DATA DE COMEZO 		
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA ☐ Lista de persoas preinscritas para realizar o curso.			
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.			
A presentación da solicitude leva consigo o compromiso por parte da entidade solicitante de facilitar para a impartición do curso un local convenientemente equipado de acordo co establecido na convocatoria.			
LEXISLACIÓN APLICABLE Resolución de 27 de decembro de 2012, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter voluntario e gratuito, cursos de lingua galega preparatorios para os niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para particulares (adultos) e colectivos de Galicia, no ano 2013 (ED104B e ED104D).			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Lugar e data , de de			

Gabinete de Normalización Lingüística.
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




ANEXO III

**Programación directa de cursos preparatorios para as probas Celga 2013
(finaliza o prazo para presentar as solicitudes o día 30 de xaneiro de 2013)**

Provincia da Coruña

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
A Coruña	Código: CL1201315030005 Lugar: Centro Formación e Recursos Rúa: Pepín Rivero, 3, 2º planta (Edificio UNED) Datas: 11.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 10.00-12.30 Días: luns, mércores e xoves	Código: CL2201315030001 Lugar: EOI A Coruña Rúa: Pepín Rivero, s/n Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 10.30-13.30 Días: martes e xoves	Código: CL3201315030002 Lugar: EOI A Coruña Rúa: Pepín Rivero, s/n Datas: 19.2.2013 ao 31.5.2013 Horario: 11.00-13.15 Días: martes e venres	Código: CL4201315030003 Lugar: EOI A Coruña Rúa: Pepín Rivero, s/n Datas: 4.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 9.00-12.00 Días: luns e mércores
		Código: CL2201315030006 Lugar: C. C. Eirís Rúa: Fray Pedro Payo Piñeiro, s/n Datas: 11.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 10.00-12.30 Días: luns, martes e mércores	Código: CL3201315030007 Lugar: C. C. Eirís Rúa: Fray Pedro Payo Piñeiro, s/n Datas: 11.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 18.00-20.30 Días: luns, martes e mércores	Código: CL4201315030004 Lugar: EOI A Coruña Rúa: Pepín Rivero, s/n Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 18.30-21.30 Días: martes e venres
				Código: CL4201315030008 Lugar: Biblioteca Pública do Estado Rúa: Miguel González Garcés, s/n Datas: 11.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 17.30-20.00 Días: luns, mércores e xoves
Ferrol		Código: CL2201315036009 Lugar: EOI Ferrol Rúa: Real, 29 Datas: 4.3.2013 ao 24.5.2013 Horario: 9.30-11.30 Días: luns, mércores e venres	Código: CL3201315036010 Lugar: EOI Ferrol Rúa: Real, 29 Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 16.00-19.00 Días: martes e xoves	Código: CL4201315036011 Lugar: EOI Ferrol Rúa: Real, 29 Datas: 4.3.2013 ao 24.5.2013 Horario: 11.30-13.30 Días: luns, mércores e venres
				Código: CL4201315036012 Lugar: EOI Ferrol Rúa: Real, 29 Datas: 19.2.2013 ao 31.5.2013 Horario: 18.00-20.00 e 16.00-18.30 Días: martes 18.00-20.00 e venres 16.00-18.30





Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Santiago de Compostela	Código: CL1201315078015 Lugar: C. Sociocultural José Saramago de Vite Rúa: Carlos Maside, 7 Datas: 11.3.2013 ao 27.5.2013 Horario: luns e xoves 10.00-12.30 e mércores 9.30-11.30 Días: luns, mércores e xoves	Código: CL2201315078013 Lugar: EOI Santiago Rúa: Ulpiano Villanueva, 1, 2 Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 10.30-13.30 Días: martes e venres	Código: CL3201315078016 Lugar: C. Sociocultural José Saramago de Vite Rúa: Carlos Maside, 7 Datas: 11.3.2013 ao 27.5.2013 Horario: martes e venres 10.00-12.30 e mércores 11.30-13.30 Días: martes, mércores e venres	Código: CL4201315078014 Lugar: EOI Santiago Rúa: Ulpiano Villanueva, 1, 2 Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 12.00-15.00 Días: martes e xoves
		Código: CL2201315078017 Lugar: C. Sociocultural de Conxo Rúa: praza de A. Aguirre Datas: 11.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 10.00-12.30 Días: luns, mércores e xoves		Código: CL4201315078018 Lugar: C. Sociocultural de Conxo Rúa: praza de A. Aguirre Datas: 11.3.2013 ao 22.5.2013 Horario: 11.00-13.30 Días: luns, mércores e xoves

Provincia de Lugo

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Lugo		Código: CL2201327028001 Lugar: IES Lucus Augusti Rúa: avda. Rodríguez Mourelo, s/n Datas: 2.4.2013 ao 31.5.2013 Horario: 19.30-21.30 Días: de luns a venres	Código: CL3201327028001 Lugar: IES Lucus Augusti Rúa: avda. Rodríguez Mourelo, s/n Datas: 2.4.2013 ao 31.5.2013 Horario: 19.30-21.30 Días: de luns a venres	Código: CL4201327028001 Lugar: IES Lucus Augusti Rúa: avda. Rodríguez Mourelo, s/n Datas: 2.4.2013 ao 31.5.2013 Horario: 19.30-21.30 Días: de luns a venres
			Código: CL3201327028002 Lugar: EOI de Lugo Rúa: Xosé Castiñeiras, s/n Datas: 4.3.2013 ao 27.5.2013 Horario: 12.00-15.00 Días: luns e mércores	Código: CL4201327028002 Lugar: EOI de Lugo Rúa: Xosé Castiñeiras, s/n Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 12.00-15.00 Días: martes e xoves





Provincia de Ourense

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Ourense	Código: CL1201332054001 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Mestre Vide, s/n Datas: 25.2.2013 ao 31.5.2013 Días: luns e mércores, no horario: 9.30-11.30; venres, no horario: 9.30-10.30	Código: CL2201332054001 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Mestre Vide, s/n Datas: 5.3.2013 ao 31.5.2013 Días: martes, no horario: 11.00-14.00; venres, no horario: 11.30-14.00	Código: CL3201332054001 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Mestre Vide, s/n Datas: 5.3.2013 ao 31.5.2013 Días: martes, no horario: 8.30-11.00; venres no horario: 8.30-11.30	Código: CL4201332054001 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Mestre Vide, s/n Datas: 26.2.2013 ao 30.5.2013 Días: martes e xoves, no horario: 9.30-11.30; venres, no horario: 10.30-11.30
		Código: CL2201332054002 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Mestre Vide, s/n Datas: 6.3.2013 ao 23.5.2013 Días: luns, mércores, e xoves Horario: 17.00-19.00	Código: CL3201332054002 Lugar: IES Otero Pedraio Rúa: Padre Feijóo, nº 14 Datas: 5.3.2013 ao 15.5.2013 Días: luns, martes, mércores e xoves Horario: 19.00-21.00	Código: CL4201332054002 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Mestre Vide, s/n Datas: 5.3.2013 ao 24.5.2013 Días: martes e venres Horario: 17.30-20.30

Provincia da Pontevedra

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Pontevedra	Código: CL1201336000001 Lugar: Edificio Xunta Rúa: Fernández Ladreda, 43 P baixa Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 17.00-19.30 Días: luns a xoves	Código: CL2201336000002 Lugar: Edificio Xunta Rúa: Fernández Ladreda, 43 P baixa Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 10.00-12.30 Días: luns a xoves	Código: CL3201336000003 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Celso E. Ferreiro, s/n Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 9.00-12.00 Días: martes e venres	Código: CL4201336000004 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Celso E. Ferreiro, s/n Datas: 5.3.2013 ao 21.5.2013 Horario: 9.00-12.00 Días: martes e venres
		Código: CL2201336000005 Lugar: Edificio Xunta Rúa: Fernández Ladreda, 43 P baixa Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 16.00-18.30 Días: luns a xoves	Código: CL3201336000006 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Celso E. Ferreiro, s/n Datas: 5.3.2013 ao 23.5.2013 Horarios: martes: 18.30-20.30 mércores: 20.00-21.30 xoves: 18.30-21.00	Código: CL4201336000007 Lugar: Edificio Xunta Rúa: Fernández Ladreda, 43 P baixa Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 10.00-12.30 Días: luns a xoves
				Código: CL4201336000008 Lugar: Edificio Xunta Rúa: Fernández Ladreda, 43 P baixa Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 18.30-21.00 Días: luns a xoves



Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Vigo	Código: CL1201336200009 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Martínez Garrido, 17 Datas: 28.2.2013 ao 30.5.2013 Horario: 10.30-13.00 Días: martes e xoves	Código: CL2201336200010 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Martínez Garrido, 17 Datas: 25.2.2013 ao 29.5.2013 Horario: 11.30-14.00 Días: luns e mércores	Código: CL3201336200011 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Martínez Garrido, 17 Datas: 28.2.2013 ao 30.5.2013 Horario: 10.30-13.00 Días: martes e xoves	Código: CL4201336200012 Lugar: Centro de Formación e Recursos (CEFORE) Rúa: Camiño do Chouzo, s/n Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 10.00-12.30 Días: luns a xoves
	Código: CL1201336200013 Lugar: IES Alexandre Bóveda Rúa: Cuntis, s/n, Coia Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 18.30-21.00 Días: luns e xoves	Código: CL2201336200014 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Martínez Garrido, 17 Datas: 28.2.2013 ao 30.5.2013 Horario: 17.30-20.00 Días: martes e xoves	Código: CL3201336200015 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Martínez Garrido, 17 Datas: 27.2.2013 ao 31.5.2013 Horario: 17.30-20.00 Días: mércores e venres	Código: CL4201336200016 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Rúa: Martínez Garrido, 17 Datas: 28.2.2013 ao 30.5.2013 Horario: 17.30-20.00 Días: martes e xoves
		Código: CL2201336200017 Lugar: IES Alexandre Bóveda Rúa: Cuntis, s/n, Coia Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 18.30-21.00 Días: luns e xoves		Código: CL4201336200018 Lugar: IES Alexandre Bóveda Rúa: Cuntis, s/n, Coia Datas: 18.3.2013 ao 30.5.2013 Horario: 18.30-21.00 Días: luns e xoves

Nota: as datas e horarios poden sufrir algunha variación debido á dispoñibilidade de locais.